


11 respostas para o #11F

IIM-CSIC



Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia #11F

11 de febreiro de 2021



CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS



INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARIÑAS

11 respostas para o #11F

IIM-CSIC

Producido e editado por:




INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS

Unidade de Cultura Científica e da Innovación

Jaime Amaro-Blanco
Antonio Jesús Diosdado Aragón
Laura García Peteiro
Loli Domínguez Vázquez

Coa colaboración de:

Carmen Piñeiro González
Cristina García Fernández
Eva Balsa Canto
Laura García Peteiro
Lucía Sánchez Ruiloba
Mónica Carrera Mouriño
Paula Gutiérrez Muñoz
Rosa Reboreda Bouza
Gabriela Ojeda-Romano



SICIM

Experiencia



Conocimiento



Profesionalidad



Carmen



11 respostas para o #11F

11Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC

IIM
INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARÍTIMAS



Carmen Piñeiro González

1. Quen es e onde traballas?

Chámome Carmen Piñeiro, e traballo no Servizo de Instrumentación Científica e Calidade (SICIM).

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?.

O obxecto que escollín foi un póster titulado “SICIM: Maximizando recursos e creando interaccións entre grupos, servizos e infraestruturas”

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

Pois nese póster resúmese o meu traballo do a día a día, que consiste principalmente en xestionar o mantemento, compra e bo uso das infraestruturas e dos equipamentos científicos de uso xeral do IIM, pero tamén me encargo de asesorar, xunto a miña compañeira Ana Garci, aos grupos que o demanden sobre técnicas e equipamento. Do mesmo xeito, encargámonos de elaborar procedementos e protocolos de calidade, axudar as políticas preventivas e de xestión de residuos, vixiar as boas prácticas en bienestar animal dos nosos acuarios ou pór a punto novas metodoloxías analíticas, tratando sempre de maximizar o potencial dos recursos do instituto.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

Pois a través dunha boa xestión dos recursos do instituto, e tamén fomentando interaccións entre diversos grupos de investigación e servizos, axudo a maximizar o impacto social do centro.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

38 anos



6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Si

7. E como imaxinabas que ía ser?

Non imaxinaba nada en especial, só me facía ilusión levar bata e ver polo microscopio

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Pois que os investigadores son iguais que o resto das persoas

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

A competitividade

10. E o que máis te emociona?

Descubrir cousas novas


11. Como podemos saber máis do que fas?

No póster que menciono, que podes consultar [aquí](#).

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Gústame [Doralice, de Stan Getz & Joao Gilberto](#)





Cristina



11 respostas para o #11F



CSIC



Cristina García Fernández

1. Quen es e onde traballas?

Son Cristina García Fernández e traballo no grupo de Ecoloxía Pesqueira.

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?

Escollín un ordenador.

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

Pois co meu ordenador consigo analizar datos que obtemos de diversas formas... campañas oceanográficas, mostraxes, laboratorio, relacionados con especies de interese pesqueira.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

Investigar a ecoloxía dunha especie, permítenos entender o que pasa coas súas poboacións e así apoiar á xestión pesqueira.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

Ao redor de 4 anos.

6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Non

7. E que querías ser?

Quería traballar con algo relacionado coa natureza, pero non como investigadora xa que apenas había referencias sobre mulleres investigadoras cando eu era pequena.



8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Que nunca deixe de aprender e que a ciencia é o futuro, e que hai que apostar por iso.

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

O teletraballo sobre todo

10. E o que máis te emociona?


Dar resposta a preguntas que necesitan ser contestadas para seguir avanzando. E tamén publicar os resultados da nosa investigación, é unha satisfacción persoal moi bonita.


11. Como podemos saber máis do que fas?

Hai pouco gravei un vídeo divulgativo para o CSIC, que podes visitar en [YouTube](#).


EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Gústame por exemplo a canción [“Lo mal que estoy y lo poco que me quejo” de El Kanka](#)





muEGR85
 nutrientCompT73N
 kT73
 kDeathT73
 kDeathCR85
 pKillerT73
 PNH3BioCR85
 PNH3BioT73
 vMaxNH3CR85
 vMaxNH3T73
 pGCR85
 PACET73
 PACECR85
 DGT73
 PEHCR85
 PEHT73
 nuF_R85
 nuF_T73
 nuG_R85
 nuG_T73
 KE_C_R85
 KE_C_T73
 KE_R85
 KE_T73
 dDT73



dDT73
 KE_C_T73
 KE_C_R85
 KE_T73
 KE_R85
 KE_F_T73
 KE_F_R85
 nuG_T73
 nuG_R85
 nuF_T73
 nuF_R85
 PEHT73
 PEHCR85
 DGT73

: 1.6934e+00
 : 1.9800e+01
 : 9.3154e-02
 : 7.5920e-04
 : 3.9974e-02
 : 9.0547e-10

Eva



11 respostas para o #11F

11FFebrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

IIIA
INSTITUTO DE INVESTIGACIONES BIOLÓGICAS



Eva Balsa Canto

1. Quen es e onde traballas?

Chámome Eva Balsa, e traballo no Grupo de Enxeñaría de (bio)procesos

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?.

O obxecto que escollín foi un ordenador

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

No meu traballo desenvolvo simuladores de procesos da industria alimentaria e biotecnolóxica, e teño que programalos no ordenador.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social


Os simuladores son unha ferramenta fundamental para optimizar procesos como, por exemplo, mellorar a calidade dos produtos alimentarios, garantir a súa seguridade ou minimizar o impacto ambiental da industria alimentaria. Agora mesmo, nun proxecto internacional, estamos desenvolvendo un alimento destinado aos nosos maiores, con envases feitos a partir de algas e cunha etiqueta intelixente e predictiva que autocalcula a data preferente de consumo. Creo que é un moi bo exemplo dun traballo de investigación colaborativo, interdisciplinar, que pode ter un grande impacto.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

Dende o ano 1997... 23 anos !!

6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Non.





7. E que querías ser?

Quixen ser moitas cousas, durante un tempo estaba obsesionada coas naves espaciais e os avións, e quería estudar Enxeñaría Aeronáutica. Logo fun cambiando ata chegar á física, que foi o que me levou á ciencia.

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Diríame: “Ti fai o que che gusta, e que digan o que queiran”.

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

A burocracia, xustificacións, memorias, moito, moito papeleo...

10. E o que máis te emociona?

Cando aprendo algo novo (teño sorte, pásame moito), ou cando atopo un "bug" no código (eso é xenial).

11. Como podemos saber máis do que fas?

Pois podedes visitar o meu perfil en [Research Gate](#) ou en [Google Scholar](#); ás veces comento o que fago en redes sociais como [Twitter](#).

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Moitas, collo unha e póñoa en bucle; O estilo depende da época. Ás veces inclínome pola música clásica como [Inverno de Vivaldi](#) ou Romanza N^o2 para violín e orchestra de Beethoven. Outras vou máis polo indi-folk, por exemplo gústame Coraline ou [The Woods de Hollow Coves](#), e outras veces inclínome polo pop-rock, calquera de U2 ou Texas.


OS PARA LA
CIA Y LA TECNOLO
GABRIELA OJEDA-ROMANO

Directora de tesis

Viviana Fernández-Marcial

Programa de doctorado

perspectivas en documentación, comunicación y
humanidades



Gabriela



11 respostas para o #11F

11Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC

INSTITUTO DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS




Gabriela Ojeda-Romano

1. Quen es e onde traballas?

O meu nome é Gabriela Ojeda e son a responsable da área de Cultura Científica da Unidade de Cultura Científica e da Innovación do IIM.

2. Cántanos, ¿Que escolliches para representar o teu traballo?

Pois para representar o meu traballo elixín a miña tese doutoral, que lin en outubro do 2019, hai xa case ano e medio! E que ten por título "Fomento da cultura científica nas institucións de educación superior, estratexias e medios para a comunicación da ciencia e a tecnoloxía".




3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

Pois a miña tese doutoral foi o meu gran primeiro traballo de investigación e permitíume especializarme nesta área, que é a dimensión social da ciencia e a tecnoloxía. Aplícoo día a día ao meu traballo xa que me permite identificar e analizar os impactos que as investigacións que levan a cabo no centro teñen na sociedade, pero tamén como o contexto social inflúe na produción do coñecemento científico.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

Dada a natureza do meu traballo, este está intimamente ligado aos cidadáns. Ao final, busco que as relacións ciencia - sociedade sexan os máis estreitas posible e ademais bidireccionais. Creo que unha das experiencias máis satisfactorias é poder ver como o persoal investigador e técnico vai



progresivamente sendo máis consciente de como o seu traballo pode influír na xente da pé, nos veciños da comunidade local e ver como van buscando eles e elas mesmas comunicar a súa investigación, saber que pensa o público, como o percibe.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

Pois máis de 15 anos, supoño que desde que empecei a licenciatura de bioloxía, polo ano 2005.

6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Si.

7. Como imaxinabas que ía ser?

Pois creo que nunca o pensei seriamente, gustábame o mundo natural e participei nas Olimpíadas de Bioloxía cando tiña uns 13 anos, pero creo que nunca visualicei que tipo de traballo tería.

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Pois que siga así, que ao final, esforzándote podes chegar onde ti queiras. Que non hai medo, que hai que ser valente!

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

O traballo máis administrativo, que ao final é esencial para poder sacar as cousas adiante pero que dá preguiza.

10. E o que máis te emociona?

Cada novo reto, cada novo chanzo ao que te enfrontas e que non sabes que che vai deparar pero que esperas con ansias. Nunca te aburres, iso gústame!

11. Como podemos saber máis do que fas?

Pois nas redes do IIM publicamos todos os nosos proxectos, tamén a través das miñas páxinas persoais como LinkedIn ou Twitter, aínda que non son moi activa, é unha desas cousas que me dá preguiza!

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Ais, pois cambio moito!. Igual hai días que estou máis *techno*, outras máis rockeira e mesmo indie. Nestes días, escoito ["Better Now" de Post Malone](#).



Laura



11 respostas para o #11F

11Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC

INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARITIMAS



Laura García Peteiro

1. Quen es e onde traballas?

Son Laura García Peteiro e traballo no Servizo de Apoio a Internacionalización, Asociación Corporativa e Intercambio de Coñecemento (IACIC).

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?

Escollín este lapis que ten punta polos dous lados.

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

Eu creo que teño un pouco esas dúas vertentes, por un lado adiqueime moitos anos a investigación científica, son doutora en Bioloxía e investigaba sobre todo ao mexillón, e agora fago xestión da ciencia e adícome a intentar incrementar o impacto que a investigación diaria dos científicos e científicas do IIM teñen en diferentes ámbitos, tanto no propio ámbito académico, como para diferentes sectores económicos, e a sociedade en xeral. Así que como este lapis que ten dous lados, eu por un lado teño a cabeza de científica para entender mellor que fan as investigadoras e investigadores, e polo outro intento achegarme máis as demandas da industria e a sociedade, e intentar traducir todo na mesma linguaxe.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

Pois eu creo que fago un pouco de tradutora entre diversos mundos. Trato de achegar os intereses de diferentes sectores, de modo que a investigación que se fai sexa máis relevante. Un exemplo...pois o último proxecto no que estou traballando é nunha labor de vixilancia tecnolóxica, basicamente o que





fago é como de detective das últimas tecnoloxías que poden ser de interese para o sector produtivo relacionado co mar en Galicia, para que o noso sector este a última e sexa máis competitivo.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

Dende 2002...así que case 20 anos.

6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Non, a verdade é que a miña referencia do que era un científico era o profesor Bacterio de Mortadelo e Filemón... así que non me imaxinaba a min mesma adicandome ao mundo da ciencia.

7. E que querías ser?

Quería ser piloto de avión, parecíame máis emocionante...

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Que é mellor adicarse a ciencia, que da menos vertixe pero que da moitas oportunidades de viaxar, aprender, e de descubrir cousas que ninguén sabe!

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

Pois as veces, escribir informes.

10. E o que máis te emociona?

Descubrir cousas novas que non coñecía.

11. Como podemos saber máis do que fas?

Pois podedes visitar a páxina web do IIM ou o meu perfil de [Linkedin](#)

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Gústame escoitar por exemplo a canción [“Though the roof and underground”](#) de Gogol Bordello



Lucía



11 respostas para o #11F

11Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

IIM
INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARINAS



Lucía Sánchez Ruiloba

1. Quen es e onde traballas?

Chámome Lucía Sánchez e traballo no servizo de microscopía e análise de imaxe do IIM.

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?

Un microscopio

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

O microscopio é a miña principal ferramenta de traballo. Con el realizamos as imaxes que posteriormente analizaremos para obter resultados das mostras estudadas.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

A xeración de coñecemento sempre repercutirá na sociedade, aínda que non se vexa de inmediato. Esa creo que é a miña maior contribución. Máis concretamente, eu colaboro con diferentes investigadores na visualización e análise de mostras de microscopía. A miúdo son mostras únicas que non foron vistas antes. Facer estas imaxes con calidade e veracidade para que se poidan amosar a outros investigadores e á sociedade en xeral é o máis importante para min. Recentemente, unha composición de imaxes de cabaliños de mar feitas por min, gañou un premio nun concurso nacional. Seguramente isto serviu para que máis xente se interesase por esta especie, as súas características e a súa problemática. Por iso, tamén considero a divulgación das imaxes un xeito de impactar na sociedade.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

19 anos



6. Imaxinábase traballando neste mundo cando eras pequena?

Si

7. Como imaxinabas que ía ser?

Moi parecido ao que fago. Pode que un pouco máis orientado a áreas biomédicas...

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Que non tivera ningunha dúbida. Que o mellor e estudar o que che gusta, que non escoitara a quen dicía que é mellor facer unha carreira con máis oportunidades, que non hai traballo en bioloxía... e que moito ánimo, que tampouco é fácil!

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

Os asuntos que requiren moito trámite administrativo.

10. E o que máis te emociona?

Observar una mostra no microscopio e poder percibir detalles que puideron pasar inadvertidos para outros. Poder gozar da complexidade e á súa vez da harmonía das diversas estruturas naturais é un regalo.

11. Como podemos saber máis do que fas?

Non teño ningunha rede social destinada a expoñer o meu traballo.

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Cando necesito un pequeno impulso.... non todo son días bos neste traballo!!

["Don't Stop Me Now" de Queen.](#)



The background features a blurred, reddish-brown image of a human digestive tract, likely the small intestine, set against a dark blue background. Overlaid on this are several light blue network diagrams consisting of circles connected by lines, representing a complex system or data network.

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SYS-ALLERGOMICS

Mónica



11 respostas para o #11F

11Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

IIM
INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN MARÍTIMA



Mónica Carrera Mouriño

1. Quen es e onde traballas?

Chámome Mónica Carrera, e traballo no Departamento de Tecnoloxía dos Alimentos.

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?

Escollín o proxecto onde traballo actualmente, SYS-ALLERGOMICS: Proteómica e bioloxía de sistemas da alerxia ao peixe en produtos do mar frescos e procesados, do Ministerio de Ciencia. Traballo nel como Investigadora Principal.

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

Traballo en Proteómica e alerxias alimentarias (principalmente en alerxia ao peixe e aos Anisákidos) no IIM-CSIC.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

Pois por exemplo desenvolvendo métodos de control e terapia para a alerxia ao peixe co fin de garantir a seguridade alimentaria do consumidor. O noso traballo foi premiado pola Real Academia Galega das Ciencias no 2016!

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?


Dende que terminei a carreira, hai 20 anos

6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Si.

7. Como imaxinabas que ía ser?

Pensaba que nos laboratorios os científicos descubrían novas respostas en pouco tempo. Non sabía que todo levaba moito máis tempo.



8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Sigue así, estudia moito, soña e curioseas, e apasiónate moito co que fas cada día.

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

Os trámites administrativos.

10. E o que máis te emociona?


Encontrar novas respostas e facerme novas preguntas.

11. Como podemos saber máis do que fas?

No meu perfil de [Researchgate](#).

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

[“Beautiful Day”](#) de U2.





Paula



11 respostas para o #11F

11FFebrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC

INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARIAS



Paula Gutiérrez Muñoz

1. Quen es e onde traballas?


Chámome Paula Gutiérrez e traballo no grupo de Ecoloxía pesqueira.

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?.

As bases de datos.

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

As bases de datos son o elemento clave para desenvolver o meu traballo, xa que é onde almacenamos toda a información dispoñible sobre cetáceos e peixes. Información sobre a concentración de contaminantes en cetáceos e en peixes, que comen cada un deles, a que idade se reproducen, que enfermidades teñen, como lles afectan os contaminantes, etc. Despois analizamos todos estes datos para tentar entender e cuantificar a transferencia, a través da cadea trófica de peixes a cetáceos, de diferentes contaminantes, parasitos e patóxenos e como isto pode afectar as poboacións e os ecosistemas.



4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social

O meu traballo permitirá coñecer mellor o impacto que podería ter na saúde humana a inxestión dos contaminantes que vertemos ao mar ou dos parasitos.



5. Cando levas traballando no mundo da ciencia?

Aproximadamente 4 anos.

6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Non.

7. E que querías ser?

Sempre quixen ser veterinaria ou bióloga para traballar no campo ou como garda forestal, pero nunca imaxinei ser investigadora. Non coñecía a ningunha muller investigadora cando era pequena!

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Que siga estudando e facendo os deberes, mesmo das materias máis "rolo". Ao final en conxunto, na natureza, todo cobra sentido e ten aplicación!

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

Escribir. Ás veces poñer en orde todos os resultados e todo o que queres dicir é moi difícil.

10. E o que máis te emociona?


Ver os animais no seu medio natural, no mar. Pensar en que os resultados das nosas investigacións algún día terá un impacto positivo na súa saúde e conservación.

11. Como podemos saber máis do que fas?

A través da páxina web do IIM, a páxinas dos proxectos nos que participo meu perfil de [ResearchGate](#) ou [Twitter](#).



EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Gústame por exemplo a canción: ["Narwhals"](#), é un vídeo animado de MrWeeb.



ROMS HORIZONTAL PLOTTER

DCHL - 13 May 2012



Longitude West: << -11.5 >>
Vectors (0: no vector): << 0 >>
Plot style: pcolor, contour, gray cont., seawifs

Vectors unit (m/s): << 0.1 >>
Vectors scale: 1
PLOT: Separate plot, Animation, Hold plot, Print, Step/image

Reset colors
Longitude Fact: << -6.1 >>
Color min: 0.156, Color max: 5.35
Number of color levels: << 10 >>
Coefficient (off = vari): 1
Number of child models: 0

Name: averaged Chlorophyll in diatoms
Unit: mg Chl m-3
Date: 13 May 2012

Rosa



11 respostas para o #11F

11Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

CSIC
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARITIMAS



Rosa Reboreda Bouza

1. Quen es e onde traballas?

Son Rosa Reboreda e traballo no Departamento de Oceanografía, no grupo de Oceanoloxía.

2. Cántanos, que escolliches para representar o teu traballo?

O meu ordenador.

3. Como se conecta isto co teu traballo diario?

O meu ordenador é a miña principal ferramenta de traballo, pois traballo con modelos oceánicos. Os modelos oceánicos son unha simplificación do océano real, onde se representan varias variables (temperatura, salinidade, concentración de clorofila, etc.), mediante ecuacións matemáticas que se resollen con computadores moi potentes.

4. Como repercute este traballo que ti fas na sociedade? Cántanos unha experiencia ou historia que represente o seu impacto social.

Un dos sectores que se pode beneficiar do meu traballo é o da acuicultura do mexillón nas Rías Baixas. É un sector moi afectado polos peches de polígonos de bateas debido ás proliferacións de fitoplancto tóxico, que á súa vez están moi relacionadas coas condicións oceánicas. O modelo oceánico co que traballamos permitiunos ver que determinadas condicións de salinidade e corrente parecen favorecer certas floracións de fitoplancto, que poderían resultar en proliferacións de toxinas. Coñecer esas condicións con certa antelación, grazas a un modelo, podería dar unha certa marxe de previsión ao sector.

5. Canto levas traballando no mundo da ciencia?

Desde 2003, 18 anos.



6. Imaxinábaste traballando neste mundo cando eras pequena?

Non.

7. E que querías ser?

Non tiña ningunha idea concreta do que quería ser.

8. E se puideras falar contigo mesma aos 11 anos, que che dirías?

Diríame: "Es capaz de chegar moito máis lonxe do que cres. Valórate e gústate máis a ti mesma. É mais importante o que ti penses de ti, que o que os demais pensen de ti".

9. Que é o que máis preguiza che dá do teu traballo?

Escribir os artigos científicos cos resultados do traballo.

10. E o que máis te emociona?


Cando estou revisando os resultados do meu traballo e, de repente, varias pezas do crebacabezas empezan a encaixar e doume conta que, de aí vai xurdir unha conclusión novidosa.

11. Como podemos saber máis do que fas?

Contactándome!

EXTRA. Para acabar, unha canción para escoitar mentres traballas.

Glenn Gould tocando o piano, por exemplo, nesta [sinfonías nº 6 de Beethoven](#) (É máxico!!).



11 Febrero
Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia



**Mira pequeños vídeos e todas as entrevistas.
Ideais para compartir!**



**Escoita as cancións preferidas das
nosas investigadoras**



IIIF



CSIC

CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS



INSTITUTO DE INVESTIGACIONES MARIÑAS